

De seguido infórmolle dos acordos aprobados na sesión ordinaria do Claustro Universitario que tivo lugar o día 6 de novembro de 1998 e que poden ser do seu interese:

*A reforma técnica do Regulamento de Cursos de Especialización e Convenios:

Artigo 14:

A Comisión de Cursos e Convenios, nomeada pola Xunta de Goberno, estará presida polo Rector ou Vicerrector en quen delegue. Estará integrada por:

- a) O Vicerrector ou Vicerrectores das áreas relacionadas coa Comisión.
- b) Un profesor representante do ámbito de Matemáticas e Ciencias experimentais.
- c) Un profesor representante do ámbito de Humanidades.
- d) Un profesor representante do ámbito Xurídico-social.
- e) Un profesor representante do ámbito Tecnolóxico.
- f) Un profesor representante do ámbito de Ciencias da Saúde.
- g) Un representante do Persoal de Administración e Servicios.
- h) Un representante dos Alumnos.
- j) Secretario: Director da Oficina I+D.

Para os efectos da consideración de pertenza ós cinco ámbitos citados terase en conta o establecido pola Universidade de Vigo.

Artigo 15:

Funcións da Comisión

A Comisión de Cursos e Convenios reunirse a instancia do seu presidente e avaliará as propostas presentadas dende a anterior xuntanza. Son funcións da Comisión:

- a) Conceder autorización, cando a actividade proposta cumpra tódalas especificacións enunciadas neste Regulamento.
- b) Devolve-la proposta ó proponente ou solicitante, cando non sexa totalmente correcta, indicando en que punto debe cambiala.
- c) Denega-la autorización, se a proposta incorre nalgún dos supostos enunciados no artigo 5.
- d) Fixa-lo importe mínimo dun contrato que implicaría a sinatura do mesmo polo rector.
- e) Notificar ó solicitante os acordos acadados en calquera dos casos a), b) ou c), a través do Secretario da Comisión.
- f) Aproba-los modelos normalizados que se elaboren na Oficina de I+D.
- g) Delega-las funcións a) e b) na Oficina de I+D, co visto e prace do Vicerrector competente, para os contratos cun importe inferior a un máximo que será fixado pola propia Comisión.

Disposición final primeira:

O Vicerrectorado competente, a través da Oficina de I+D, realizará unha Memoria anual que presentará á Xunta de Goberno. Na devandita Memoria exporá a relación de Proxectos, Informes e Cursos de especialización asinados e realizados, así como os ingresos obtidos e o seu destino.

Disposición final segunda:

Facúltase ó Rector ou Vicerrector en quen delegue e ó Xerente, no ámbito das súas competencias, para dicta-las instrucións precisas para a execución e desenvolvemento do presente Regulamento.

*A creación das Comisións estables do Claustro: "Comisión Académica" e "Comisión de Planificación":

- 1) De acordo co artigo 4 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, créanse no Claustro a "Comisión Académica" e a "Comisión de Planificación".
- 2) Terán a consideración de Comisións estables e segundo o establecido no artigo 3 e) do Regulamento de Réxime Interno do Claustro, formularán propostas e recomendacións xerais e servirán de vieiro de expresión da Comunidade universitaria.
- 3) A Comisión Académica estudiará, asesorará e fará propostas sobre as liñas xerais da política académica e científica, de acordo co establecido no artigo 3 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro universitario da Universidade de Vigo.
- 4) A Comisión de Planificación estudiará, asesorará e fará propostas sobre as liñas xerais de Ordenación Territorial e Programación Plurianual de acordo co establecido no artigo 3 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario da Universidade de Vigo.
- 5) As dúas comisións estarán compostas polo Rector ou persoa na que delegue, quen a presidirá, e por 12 profesores/as, 6 estudantes e 2 membros do PAS. Elixirán de entre os seus membros, un secretario/a.
- 6) Estas comisións terán que constituírse nun prazo de 1 mes dende a súa elección e elaborarán o seu regulamento de funcionamento nun prazo de 1 mes dende a súa constitución. Deberán reunirse, polo menos, dúas veces ó ano.

*Apoiar a reivindicación de "equiparación do complemento específico dos profesores titulares de Escola Universitaria e de recoñecemento de sexenios docentes non universitarios" e dar traslado da solicitude ó Consello Social, ás tres Universidades galegas, ó Conselleiro de Educación, ó Consello Universitario Galego e ós Claustros do resto das Universidades.

*O presuposto do ano 1998.

*A composición das seguintes Comisións (Disposición décimo sexta dos Estatutos):

Centros Adscritos:

- PDI: D. Alfonso Lago Ferreiro, D. Antón Fernández Álvarez, D. Carlos Garrido Suárez e D. Luis Alfonso Rodríguez López;
- ALUMNOS/AS: D. Xosé Ríos Cidrás e D^a Raquel Vizcaya López;
- PAS: D^a M^a Isabel Alonso García, D. Jesús Andrés Iglesias, D. Antón García Fernández e D^a Laura González Novoa.

Avaliación Docente e Investigadora:

- PDI: D. Eduardo Godoy Malvar, D. Salustiano Mato de la Iglesia, D^a Mercedes Suárez Pazos e D. Miguel Ángel Esparza Torres;
- ALUMNOS/AS: D. José Luis Guntín Galego, D. Juan Janeiro Vilaboa, D. Abel López Conde, D. Iván Iglesias Santiago;
- PAS: D. Ramón Barreiro García, D. Guillermo De Oca Cancela, D. Manuel Fernández Cruz e D^a Begoña Fernández Silvano.

Estudiantado:

-PDI: D. Xosé M. Cid Fernández, D. Camilo Vázquez García, D. José Óscar Rubiños López e D. Pedro Cuesta Morales;

-ALUMNOS/AS: D. José Luis Guntín Galego, D^a Romina Maneiro Cid, D^a Sonia Justo Justo e D. Heliodoro Álvarez Conde;

-PAS: D. Jesús Andrés Iglesias, D^a Mercedes Cendón Falque, D. Carlos Mollinedo Lois e D. Filemón Rivas Conde.

Vigo, 10 de novembro de 1998

A Secretaria Xeral,

Margarita Estévez Toranzo

Indícase que estes acordos esgotan a vía administrativa e poden ser impugnados directamente na xurisdicción contencioso-administrativa.

**EXCMO. SR. PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL
EQUIPO RECTORAL
ILMOS./AS DECANOS/AS-DIRECTORES/AS DE TÓDOLOS CENTROS
ILMOS./AS DIRECTORES DE TÓDOLOS DEPARTAMENTOS
SRES./AS XEFES DE SERVICIO
XEFES/AS DE ADMINISTRACIÓN
DELEGACIÓNS DE ALUMNOS/AS
XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO / COMITÉ DE EMPRESA / XUNTA DE PDI**